



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 414
25 de novembro de 2022

Fascículo 2



CSV: BOPGDSPG-s212MWeR7-3

Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Emendas parciais ou ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

- Do G. P. Popular de Galicia, 28 emendas (doc. núm. 43981). [160808](#)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, 16 emendas (doc. núm. 43960). [160827](#)
- Do do G.P. dos Socialistas de Galicia, 32 emendas (doc. núm. 43955). [160842](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas parciais ou ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 24 de novembro de 2022, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas parciais ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que rematou ás 18.30 horas do 17 de novembro de 2022. que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G. P. Popular de Galicia:

Documento co número de rexistro 43981.

b) Documentos presentados polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego:

Documento co número de rexistro 43960.

c) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia:

Documento co número de rexistro 43955.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.4 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas ao articulado do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas co seguinte detalle:

a) 28 emendas do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 43981).

b) 16 emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 43960).

c) 32 emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 43955).

2º. Admitilas a trámite.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 11/PL-000019).

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 7

Substituír o Artigo 7 "Tipo de gravame da taxa fiscal sobre o xogo do bingo" que quedará redactado como segue:

"«Modifícase a redacción do punto 4 do apartado Tres do artigo 20 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, coa seguinte redacción:

4. Bingo.

A. Na modalidade do bingo electrónico aplicarase o tipo de gravame do 30%.

B. Nas modalidades do xogo do bingo diferentes ao bingo electrónico aplicarase o tipo de gravame do 50%. O suxeito pasivo poderá aplicar un tipo de gravame do 30% en cada período impositivo no que mantivera o emprego co respecto ao ano 2022.

Entenderase que o suxeito pasivo mantén o emprego co respecto ao ano 2022 cando o cadro medio de persoal relativo ao período impositivo no que aplique o tipo bonificado non sexa inferior á correspondente ao ano 2022. Para o cadro medio de persoal total tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa. Cando o suxeito pasivo teña máis dunha autorización de sala de bingo e non teña contas de cotización da Seguridade Social diferenciadas para cada unha, calcularase o cadro medio tomando como persoas empregadas de cada local de bingo as que corresponderan segundo o domicilio de prestación de servizos indicado no contrato depositado na Seguridade Social e de ser diferente ao enderezo dos locais de bingo, ratearase o número total de persoas empregadas con esta situación en proporción ao número de persoas empregadas asociadas a cada local de bingo.

O incumprimento do mantemento do emprego leva á perda do dereito a aplicar o tipo de gravame do 30%. Para estes efectos,



o suxeito pasivo na autoliquidación que ten que presentar no mes de xaneiro de cada ano, procederá a aplicar o tipo de gravame do 50% sobre a base imponible correspondente á actividade desenvolvida no ano natural inmediato anterior, aplicarán os pagamentos a conta que corresponderan e ingresarán o importe resultante. »"

Emenda nº2, ao apartado Trinta e cinco bis), de Adición. Artigo 8

Engádesse un novo apartado Trinta e cinco bis) ao artigo 8.2 co seguinte texto:

(2.A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, queda radactada como segue:)

"Trinta e cinco bis) .Modifícase a subalínea 04 da alínea 99 do Anexo 3, que queda redactada como segue:

"Inspección, mantemento e vixilancia anual das axudas a navegación para a sinalización dos artefactos ou estruturas flotantes destinadas ó cultivo mariño.	54,16
--	-------

Esta taxa será emitida anualmente ao titular do título habilitante da explotación do artefacto ou estrutura flotante de acuicultura pola entidade pública empresarial Portos de Galicia na modalidade de liquidación.

Será recadada en período voluntario pola entidade pública empresarial Portos de Galicia e incorporarase á facenda propia desta entidade pública."

Emenda nº3, ao apartado Trinta e oito bis), de Adición. Artigo 8

Engadir un novo apartado Trinta e oito bis) ao artigo 8.2 coa seguinte redacción:





(Modificación da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia)

"«Modifícase a letra e) da subalínea 02 do Anexo 5, que queda redactada como segue:

“e) Tales valoracións poderanse revisar para a totalidade da zona de servizo cada cinco anos e, en todo caso, deberanse revisar cando se aprobe ou modifique o plan de utilización dos espazos portuarios, na parte da zona de servizo que se atope afectada pola devandita modificación ou cando se produza calquera circunstancia que poida afectar o seu valor.»”

Emenda nº4, ao apartado Seis bis), de Adición. Artigo 9

Engádese ao artigo 9 un novo apartado Seis bis), coa seguinte redacción:

“Seis bis). Modifícase o título e o punto 3 a) do artigo 72, que queda redactado como segue:

«Artigo 72. Plans de igualdade e dereitos específicos das empregadas públicas vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual.

3. As empregadas públicas vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual teñen dereito ás medidas de protección no ámbito do emprego público previstas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero ou na norma que a substitúa, e na demais lexislación aplicable. En particular, ten dereito:

a) Á protección da súa intimidade e, en especial, dos seus datos persoais, os dos seus descendentes e os de calquera persoa que estea baixo a súa garda ou custodia nas actuacións e nos procedementos relacionados coa violencia de xénero ou coa violencia sexual.»

Emenda nº5, ao apartado Catro bis), de Adición. Artigo 9

Engádese ao artigo 9 un novo apartado Catro bis), coa seguinte redacción:





“Catro.bis. Modifícase o número 4 do artigo 55, que queda redactado como segue:

«4. Os órganos de selección non poderán propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas, excepto cando así o preveña a propia convocatoria.

Malia o anterior, sempre que os órganos de selección propoñan o nomeamento de igual número de persoas aprobadas que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a súa cobertura, cando se produzan renuncias das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento, toma de posesión ou formalización do contrato, non acrediten os requisitos establecidos na convocatoria, ou non tomen posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección unha relación complementaria das persoas aprobadas que sigan ás propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira ou contratación como persoal laboral fixo, segundo o caso.»

Emenda nº6, ao apartado Dez, de Supresión. Artigo 14

Modifícase o apartado Dez do artigo 14 que engade un novo artigo 146 bis na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

"Suprímese o número 8 do novo artigo 146 bis."

Emenda nº7, ao apartado Tres bis), de Adición. Artigo 14

Engádesse un novo apartado ao artigo 14, co seguinte contido:

<<TRES bis. Modifícase a letra m) número 1 do artigo 35, que queda redactado como segue:

<“Tres bis. Modifícase a letra m) do número 1 do artigo 35, que queda redactado como segue:

«m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos; públicas ou privadas e sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.»>>



Emenda nº8, de Substitución. Artigo 18

Substitúese o número 1 do apartado Un do artigo 18. (Modificación da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia) que quedará redactado como segue:

«Un. Engádesse o artigo 36 bis, coa seguinte redacción:
Artigo 36 bis. Documentos de referencia para a elaboración dos estudos de impacto ambiental

1. O órgano ambiental poderá aprobar documentos de referencia para a determinación do contido, amplitude, nivel de detalle e grao de especificación dos estudos de impacto ambiental que correspondan aos grupos de proxectos dos anexos I e II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, suxeitos a avaliación de impacto ambiental. Os documentos de referencia aprobados serán publicados na páxina web da Consellería competente en materia de medio ambiente.»

O resto dos números permanecen inalterados

Emenda nº9, de Adición. Artigo 19 bis

Engádesse un novo artigo X no Título II, Capítulo II.
"Artigo 19 bis. Modificación da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014

Modifícanse os números Tres bis e Seis da Disposición adicional vixésimo primeira, que quedan redactados como segue:

«Tres bis. Cando as circunstancias económicas da Sociedade Galega de Medio Ambiente o permitan por cumprir os obxectivos orzamentarios e as previsións do seu plan de viabilidade, a persoa titular da consellaría competente en materia de residuos, logo do informe favorable da consellaría competente en materia de facenda, poderá establecer unha bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada nunha porcentaxe que non exceda o 15 % da



cantidade que en concepto de canon estea vixente no ano inmediatamente anterior.

A aprobación da contía do canon bonificado por tonelada publicarase no Diario Oficial de Galicia conxuntamente coa actualización anual do canon unitario prevista no número dous desta disposición.

Para poder beneficiarse da dita bonificación, as entidades locais deberán presentar a súa a correspondente solicitude ante a Sociedade Galega de Medio Ambiente no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación. Xunto coa solicitude deberá presentarse unha declaración cos seguintes compromisos:

a) Modificación ou adaptación das prestacións patrimoniais de carácter público establecidas para o servizo público de recollida de residuos urbanos, tratamento e eliminación destes, coa finalidade de trasladar ás persoas beneficiarias do referido servizo o importe equivalente ao da devandita bonificación con efectos económicos do 1 de xaneiro da anualidade correspondente á aprobación do canon bonificado.

b) Mantemento ou aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros.

c) Implantación, antes do 31 de decembro de 2023, da recollida diferenciada da materia orgánica a través da instalación do quinto contedor de cor marrón. Exceptúanse do disposto neste apartado os concellos de menos de 2.000 habitantes, que deberán ter implantado un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario.

A presentación da declaración co contido indicado determinará a inmediata aplicación do canon bonificado con efectos económicos do 1 de xaneiro correspondente á anualidade de aprobación do canon bonificado.

Non obstante, nos dous primeiros meses do ano seguinte ao da aplicación do canon bonificado, as entidades locais beneficiarias do mesmo deberán presentar a correspondente certificación acreditativa do cumprimento efectivo dos compromisos recollidos nas letras a) e b) deste número e, no seu caso, da letra c).

No caso de que, no prazo sinalado no parágrafo anterior, non se achegue a correspondente certificación ou cando se constate o incumprimento das condicións requiridas para o gozo da bonificación, será aplicable o canon ordinario sen bonificación, polo que a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S. A. procederá a facturar antes do 30 de marzo o importe da bonificación aplicada o ano anterior. No caso de impago deste





importe, aplicarase o disposto no número seis desta disposición.»

«Seis. En garantía da sostibilidade financeira do sistema, entre as condicións para a adhesión figurará a dun tempo mínimo de adhesión que permita realizar as previsións oportunas en cuanto ao volume de residuos a tratar e a de que no caso de impago das cantidades que corresponda aboar ás entidades locais en concepto de canon unitario, imposto de valor engadido e demais impostos que resultaran de aplicación, estas terán a consideración de vencidas, líquidas e esixibles a efectos do seu abono con cargo ás cantidades que correspondan a cada concello como participación no Fondo de Cooperación Local, a instancia da sociedade pública, mediante acordo de retención ditado polo órgano encargado da xestión do Fondo de Cooperación Local de acordo co establecido na regulación do mesmo. As cantidades retidas serán obxecto de entrega á sociedade pública.

Cando o obrigado ao pago fora unha mancomunidade de municipios os concellos integrantes serán responsables solidarios, na parte que corresponda segundo a súa porcentaxe de participación na correspondente mancomunidade, das débedas xeradas ao xestor institucional do sistema polo impago do canon unitario, imposto de valor engadido e demais impostos que resultaran de aplicación.»>

Emenda nº10, ao apartado Nove bis), de Adición. Artigo 21

Engádese ao artigo 21 un novo apartado Nove bis co seguinte texto:

"Nove bis. Modifícase o número 5 do artigo 95, que queda redactado como segue:

«5. O aproveitamento da biomasa forestal realizarase seguindo criterios de sustentabilidade e a regulación do aproveitamento da biomasa forestal garantirá a conservación da biodiversidade, a estabilidade dos solos, facilitando o desenvolvemento dos ciclos ecolóxicos, a valorización integral dos montes nos seus usos e aproveitamentos e a súa compatibilidade coas actividades tradicionais da industria forestal galega, como doutros sectores tradicionais.

Para garantir a dita compatibilidade, non poderán ser obxecto de valorización enerxética con fins eléctricos





aquelas partes dos fustes ou troncos de madeira cuxo diámetro en punta delgada sexa maior ou igual a 7 centímetros sen casca, agás nos casos de tratarse de árbores do xénero *Acacia* spp, que si poderán destinarse integramente á xeración eléctrica.»

Emenda nº11, ao apartado Dezasete, de Modificación. Artigo 21

Modifícase o número 3 da Disposición adicional terceira bis, incorporada a través do artigo 21, apartado Dezasete, que queda redactado como segue:

«3. Tendo en conta a limitación que supón ao aproveitamento madeireiro e ás obrigas que implican de mantemento da masa arborada, os posibles riscos consecuentes e a posible interferencia coas quendas de corta, os negocios xurídicos que supoñan a cesión ou adquisición das absorcións de dióxido de carbono futuras realizados polas comunidades de montes veciñais en man común, consideraranse como un acto de disposición para os efectos do establecido na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

O período contractual non poderá ser superior a 30 anos, excepto nos casos de que os anos asociados á quenda de corta de rexeneración asociada á especie principal sexa superior. No caso de presentar varias especies principais se aplicarán os anos da maior quenda.

De acordo co exposto, a validez destes negocios xurídicos requirirá a aprobación da asemblea xeral da comunidade co voto favorable da maioría dos presentes que represente ao menos o 50 por 100 do censo de comeneiros en primeira convocatoria e o 30 por 100 en segunda. Dentro da documentación posta a disposición da asemblea, e para a súa información, debera existir un informe económico que analice as obrigas que o negocio xurídico supón para a comunidade, especialmente as referidas á conservación da masa arborada. O prezo a percibir pola comunidade deberá compensar as obrigas asumidas e xustificarse que responde a prezos de mercado. Así mesmo, como actos de disposición, estes negocios xurídicos deberán formalizarse en escritura pública e deberán ser obxecto de inscrición no Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.





Estes negocios xurídicos deberán incluír estipulacións referidas aos riscos e responsabilidades en caso de incendio forestal ou outra causa de forza maior. Así mesmo, estes negocios xurídicos deberán incluír en todo caso que no caso de transmisión polo cesionario dos seus dereitos, a comunidade de montes terá dereito a percibir a parte do prezo da transmisión que se esta-bleza.»

Emenda nº12, de Substitución. Artigo 25

Substituír o apartado Sete do artigo 25 que queda redactado como segue:

(Modificación da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia)

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 55, que queda redactado como segue:

«1. As persoas titulares de predios agroforestais poderán solicitar a súa incorporación ao Banco de Terras facendo constar expresamente na solicitude a condición de arrendamento pactado, propoñendo a este o seu arrendamento de mutuo acordo con terceiras persoas, comunicándolle no momento da solicitude a identidade da persoa interesada e acreditando o seu consentimento e as condicións do arrendamento. No caso de que a parcela se atope xa incorporada ao Banco de Terras de Galicia, poderase solicitar igualmente que se tramite un arrendamento pactado.

Neste caso non serán aplicables as disposicións sobre prezos mínimos e marxes de incremento destes recollidos no artigo 46, nin se someterá o predio ao proceso de oferta pública sinalado no artigo 54 desta lei.»

Emenda nº13, de Adición. Artigo 26 bis

Engádesse un novo artigo 26 bis co seguinte contido:

"Artigo 26 bis) Modificación da LEI 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.



Modifícase o apartado 4 do artigo 33 que queda redactado como segue:

"4) Non serán de aplicación as limitacións referidas ao lugar de inicio e destino do servizo:

a) No suposto da realización da totalidade ou unha parte das expedicións dun transporte regular de uso xeral ou de uso especial por vehículos que dispoñan de título habilitante para o exercicio da actividade de transporte público en vehículos de turismo.

b) A realización de servizos incluídos nun convenio cunha administración pública cuxo fin xustifique a necesidade ou conveniencia de non limitar a súa prestación por razón do termino municipal no que estean domiciliados os títulos habilitantes. Estes convenios deberán ser previamente informados favorablemente pola dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en transporte."

Emenda nº14, ao apartado Un bis), de Adición. Artigo 29

Engádese ao artigo 29 un novo apartado coa seguinte redacción:

"Un bis. Modifícase a letra k) do artigo 85, que queda redactada como segue:

«k) A desobediencia ás ordes ou requirimentos tanto do persoal de Augas de Galicia no exercicio das funcións que ten encomendadas como do persoal doutras administracións públicas competentes na materia que realice funcións de vixilancia e inspección, así como a obstaculización do devandito exercicio».

Emenda nº15, de Substitución. Artigo 44

Substitúese o contido do apartado Dous do artigo 44 polo seguinte texto:

"Dous. Modifícase a disposición transitoria oitava que queda redactada como segue:





«Disposición transitoria oitava. Tramitación de expedientes sen permisos de acceso e conexión

Os proxectos admitidos a trámite con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que non dispoñan de permiso de acceso e conexión disporán dun prazo de 12 meses desde a entrada en vigor da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para obter un permiso de acceso e conexión. No caso contrario, procederase ao arquivo da solicitude, **previa audiencia do interesado**.

En todo caso, a autorización administrativa de instalacións de xeración non poderá ser outorgada se o seu titular non obtivo previamente os permisos de acceso e conexión ás redes de transporte ou distribución correspondentes, e demais que requira a lexislación básica de aplicación.»

Emenda nº16, de Substitución. Artigo 44

Substituír o numeral 3 do apartado Tres do artigo 44 polo seguinte texto:

"Tres. Engádese unha disposición adicional sétima que queda redactada como segue:

«Disposición adicional sétima. Solicitudes para a instalación de parques eólicos que perdan o permiso de acceso e conexión como consecuencia do Real Decreto-lei 23/2020, de 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica

[...]

3. Tendo en conta a brevidade dos prazos establecidos no Real Decreto-lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, e o elevado número de solicitudes presentadas e expedientes de avaliación ambiental en tramitación a consecuencia da aplicación da indicada norma, entenderase que a perda dos permisos de acceso e co-nexión por incumprimento dos fitos de obtención de Declaración de Impacto Ambiental (DIA) establecidos no Real Decreto-lei, se debe á imposibilidade material de cumprimento dos indicados prazos, polo que se apreciará a existencia de causas non imputables ao promotor. Deste modo, no caso de caducidade dos citados permisos, non se procederá á execución das garantías económicas depositadas ante a Administración



autonómica, de acordo co establecido no artigo 1.2 do citado Real Decreto-lei 22/2020. O establecido neste número non será aplicable nos supostos, nos que a administración autonómica aprecie motivadamente que o incumprimento do fito se deba directamente a defectos graves da documentación presentada ou outras causas unicamente imputables ao promotor. **Neste caso procederase ao arquivo da solicitude, previa audiencia ao interesado»"**

Emenda nº17, de Substitución. Artigo 44

Substitúese o numeral 1, do apartado Un do artigo 44 que queda redactado como segue:

"Un. Modifícase a disposición adicional sexta que queda redactada como segue:

«Disposición adicional sexta. Planificación de novas solicitudes de parques eólicos

1. Atendendo ao número de proxectos de parques eólicos admitidos e actualmente en tramitación e á cifra de MW prevista nestes proxectos que **excede** a prevista no Plan Sectorial Eólico de Galicia, e co obxecto de procurar unha ordenación racional desde a perspectiva das competencias galegas en relación á ordenación do territorio, durante o prazo de 18 meses desde a entrada en vigor da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, non se admitirán a trámite novas solicitudes de parques eólicos.

Esta disposición non impedirá a modificación dos proxectos xa admitidos a trámite."

Emenda nº18, ao apartado Tres bis), de Adición. Artigo 44

Engádesse un novo apartado ao artigo 44, coa seguinte redacción:

"Tres bis. Modifícase o número 2 da disposición transitoria sétima que queda redactado como segue:

«2. Para os proxectos admitidos a trámite antes da entrada en vigor da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, os requisitos de distancias a núcleos de poboación establecidos na disposición adicional quinta serán aplicables unicamente no caso de modificacións substanciais de proxectos, solicitadas a partir da entrada en vigor da Lei



18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que, por supoñeren efectos ambientais distintos dos previstos inicialmente, requiran o inicio dunha nova tramitación ambiental, e sempre que estas modificacións non veñan impostas por un informe sectorial que motive esta modificación nin por modificacións derivadas do uso compartido de infraestruturas de conexión comúns que non supoñan cambios nas posicións dos aeroxeradores. No resto dos casos, a distancia mínima á núcleos rurais, urbanos e urbanizables delimitado será de 500 metros».

Emenda nº19, de Modificación. Artigo 45

Modifícase a letra e) do numeral 2, do apartado Un do artigo 44 que redactados como seguen:

(Modifícase a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, que queda redactada como segue)

"e) Proxectos que teñan un impacto no territorio ao comprometerse os promotores a que, durante un período de 10 anos desde a autorización de explotación, unha porcentaxe do 2,5% **dos beneficios anuais do parque** repercuta directamente nos concellos en cuxo termo municipal se pretende situar o parque eólico e as súas infraestruturas de evacuación.»"

Emenda nº20, ao apartado Un bis), de Adición. Artigo 51

Engadir ao artigo 51 un novo apartado coa seguinte redacción:

"Un bis) Modifícase o número 1 do artigo 38 que queda redactado como segue:

«1. Para os efectos desta lei, enténdese por regulamentos as disposicións administrativas de carácter xeral de rango inferior á lei, ditadas polos órganos que teñan atribuída expresamente competencia para isto.

As bases reguladoras aplicables á concesión de subvencións e as súas convocatorias non terán a consideración de disposicións administrativas de carácter xeral para os efectos



establecidos neste título, e rexeranse polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia».

Emenda nº21, ao apartado Un ter), de Adición. Artigo 51

Engádesse ao artigo 51 un novo apartado coa seguinte redacción:

“Un. ter) O número 2 do artigo 41 queda redactado como segue:

«2. Iniciado o procedemento, con carácter previo á elaboración do anteproxecto substanciarase unha consulta pública a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto ao obxecto de solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma sobre os seguintes extremos: os problemas que se pretenden solucionar coa norma, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas, regulatorias e non regulatorias. A consulta pública previa haberá de realizarse de tal forma que todos os potenciais destinatarios da norma teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que deberá proporcionarse un tempo suficiente, non inferior a quince días naturais. Por razóns de urxencia debidamente xustificadas no expediente, poderá acordarse un prazo inferior.

Poderá prescindirse do trámite de consulta pública previa en calquera dos seguintes supostos:

- a) Que se trate de normas orzamentarias ou organizativas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das organizacións dependentes ou vinculadas á mesma.
- b) Que concorresen razóns graves de interese público que o xustifiquen.
- c) Que a proposta normativa non tivese impacto significativo na actividade económica.
- d) Que a proposta normativa non impuxese obrigacións relevantes ás persoas destinatarias.
- e) Que a proposta normativa regulase aspectos parciais dunha materia.

A concorrencia dalgunha ou algunhas destas razóns xustificárase debidamente no expediente.»



Emenda nº22, de Supresión. Disposición adicional primeira

Elimínase a letra d) do número 1 da disposición adicional primeira, que queda redactado como segue:

«1. No suposto de non existiren aspirantes nas listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais 2 do grupo I, 2 do grupo II e 3 do grupo IV, do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia ou, de ser o caso, para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario de corpos ou escalas equivalentes ás categorías profesionais indicadas, poderá:

- a) solicitarse directamente do Servizo Público de Emprego, sen prexuízo dos demais procedementos establecidos; ou
- b) acudir opcionalmente á relación de penalizados da categoría profesional, corpo ou escala correspondente que solicitaron a reincorporación; ou
- c) acudir aos integrantes das listas que solicitaron a inclusión durante o ano en curso, no caso de que non estean publicadas as listas definitivas e lles corresponda ser admitidos.»

Emenda nº23, de Adición. Nova Disposición transitoria

Engádesse unha nova disposición transitoria ao Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2023.

«Engádesse unha disposición transitoria quinta bis), coa seguinte redacción:

“Disposición transitoria X. Réxime aplicable aos criterios de cálculo do valor das obras e instalacións para a determinación das taxas por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público portuario da Comunidade Autónoma de Galicia

A Orde do 2 de novembro de 2011 pola que se aproban os criterios de cálculo do valor das obras e instalacións e do valor da súa depreciación e o valor dos terreos e augas da zona de servizo dos portos adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia, será de aplicación para a determinación das taxas por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público portuario da Comunidade Autónoma de Galicia mentres non se proceda á revisión da dita orde.»



Emenda nº24, de Supresión. Exposición de motivos

Suprímese o último inciso do parágrafo 20 do Capítulo II da Exposición de motivos (a partir de “A nova regulación permite ademais...”) que queda redactado do xeito seguinte:

«Modifícase a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, coa finalidade de clarear determinadas dúbidas suscitadas con motivo da súa aplicación, recolléndose expresamente a inclusión das obras de ampliación do volume de edificacións existentes entre os supostos que determinan o deber de cesión gratuíta de terreos previsto nos citados preceptos para o solo urbano consolidado e de núcleo rural. Coa finalidade de protexer o recurso hídrico, establécese que, para edificar no ámbito dos núcleos rurais, só será esixible executar a conexión das redes de abastecemento de auga e saneamento coas redes existentes no núcleo ou nas súas proximidades, cando existan redes públicas autorizadas e con capacidade de servizo suficiente, aclarando a continuación que, de non esixirse a conexión coas redes de servizo, deberán resolverse as mesmas priorizándose nas de abastecemento a conexión a unha comunidade de usuarios legalmente constituída e con capacidade de servizo suficiente ou por medios individuais con cargo ao promotor ou promotora da edificación. Con esta modificación trátase de evitar o paradoxo que se producía nalgúns supostos nos que, para poder edificar no solo de núcleo rural, executábase a conexión a unha rede sen autorizar ou de capacidade insuficiente. Por outra banda, incídese na condición de manter o estado natural dos terreos no solo rústico, que virá referida, cando menos, á metade da superficie non ocupada da parcela ou a exceptuar a dita proporción no caso de determinadas infraestruturas e instalacións, previstas no artigo 35.m), así como nos establecementos de acuicultura, ao tempo que se aclara que as solucións alternativas que, de ser o caso, se adopten, deben impedir o selado do solo. Co fin de reforzar a seguridade xurídica e dotar de maior estabilidade o tráfico inmobiliario, clarifícanse as obras que se poden levar a cabo nas edificacións existentes no solo rústico que non sexan plenamente compatibles coas determinacións previstas para este tipo de solo na normativa urbanística, pero que non estean incursas na situación de fóra de ordenación, así como aquelas para as que transcorreran os prazos para a adopción de medidas de restauración da legalidade urbanística. Ademais, dada a amplitude dos prazos de resolución das licenzas de





primeira ocupación, particularmente nos concellos que teñen que tramitar un elevado número de solicitudes, óptase por dar un paso máis na senda da simplificación administrativa iniciada hai anos pola administración autonómica galega, substituindo o réxime de licenza urbanística polo de comunicación previa para a primeira ocupación dos edificios. Tamén se estende ao solo de uso residencial o réxime das solicitudes de licenza e comunicacións urbanísticas presentadas con certificación de conformidade emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal, o que determina que os informes xurídicos e técnicos municipais pasen a ser facultativos e permitirá reducir a un mes o prazo de resolución da licenza (fronte aos tres que rexían ata o momento).»

Emenda nº25, de Adición. Exposición de motivos

Deben incorporarse novos parágrafos na Exposición de Motivos do anteproxecto de Lei de Medidas Fiscais e administrativas para o ano 2023 co seguinte texto: No que atinxe ao capítulo II de medio ambiente e territorio, introdúcese o seguinte parágrafo:

«Modifícase a Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 co fin de incentivar a implantación da recollida selectiva de materia orgánica no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o establecemento dunha bonificación, ata un 15% da contía do canon unitario de tratamento por tonelada de SOGAMA. Tamén se modifica o texto vixente para contemplar como débeda vencida, líquida e esixible, a contía por tódolos conceptos aplicables incluídos nas facturas emitidas por Sogama aos concellos ou ás mancomunidades no tratamento de residuos.»

Emenda nº26, de Adición. Exposición de motivos

Incorpóranse novos parágrafos na Exposición de Motivos do anteproxecto de Lei de Medidas Fiscais e administrativas para o ano 2023. No que atinxe ao capítulo IV, medidas en materia de infraestruturas e augas, introdúcese o seguinte parágrafo,



referido á modificación da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia:

«Así mesmo, a atribución ás entidades locais de competencias sancionadoras na materia, trala modificación operada pola Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco, determinou a necesidade de ampliar a tipificación da infracción relativa ás condutas cometidas fronte a labor de vixilancia e inspección dos correspondentes órganos de control, ao persoal doutras administracións públicas que, ao igual que o persoal de Augas de Galicia, tamén debe verse amparado pola norma.»"

Emenda nº27, de Adición. Exposición de motivos

Incopóranse novos parágrafos na Exposición de Motivos do anteproxecto de Lei de Medidas Fiscais e administrativas para o ano 2023. No que se refire ao capítulo IX, medidas en materia de industria, introdúcese o seguinte parágrafo:

«Así mesmo, modifícase a Disposición transitoria sétima co fin de aclarar o réxime transitorio para a aplicación das distancias a núcleos de poboación establecidas na disposición adicional quinta, cando as modificacións dos proxectos veñen derivadas de modificacións nas infraestruturas de conexión compartidas entre varios promotores.»

Emenda nº28, de Adición. Exposición de motivos

Incorporanse novos parágrafos na Exposición de Motivos do anteproxecto de Lei de Medidas Fiscais e administrativas para o ano 2023. No que se refire ao capítulo XII, medidas en materia de procedemento e organización administrativa, no parágrafo dedicado á modificación da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, introdúcese o seguinte parágrafo:

«Así mesmo, inclúense modificacións que precisan a natureza xurídica das bases reguladoras e das convocatorias de subvencións, e se aclaran os supostos nos que cabe prescindir





da consulta pública previa no procedemento de elaboración de
disposicións administrativas de carácter xeral.»

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/11/2022 18:21:12



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E
ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 11/PL-000019).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Substituír o texto do artigo 1 polo seguinte:

"Modifícase o artigo 4 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

"Artigo 4. Escala autonómica ou complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A escala autonómica aplicable á base liquidable xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas será a seguinte:

BASE LIQUIDÁBEL ATA EUROS	COTA ÍNTEGRA EUROS	RESTO BASE LIQUIDÁBEL ATA EUROS	TIPO APLICÁBEL PORCENTAXE
0	0	13.200	9
13.200	1.188,00	8.200	11,65
21.400	2.143,30	8.000	14,9
29.400	3.335,30	7.900	15,5
37.300	4.559,80	10.300	20
47.600	6.619,80	12.400	21,5
60.000	9.285,80	40.000	23
100.000	18.485,80	En diante	24,5

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 2

Substituír o texto do artigo 2 polo seguinte:

"Artigo 2. Mínimo persoal e familiar do imposto sobre a renda das persoas físicas Engádesse o artigo 4 bis do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma



de Galiza en materia de tributos cedidos, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, coa seguinte redacción:

«Artigo 4 bis. Mínimo persoal e familiar

As contías correspondentes aos mínimos do contribuínte, por descendentes, por ascendentes e por discapacidade establecidos nos artigos 57, 58, 59 e 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, e de modificación parcial das Leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio, quedan fixados nos seguintes importes:

1. O mínimo do contribuínte regulado polo artigo 57 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

- a) Con carácter xeral, 5.885 euros anuais
- b) Cando o contribuínte teña unha idade superior a 65 anos, o mínimo se aumentará en 1.220 euros anuais. Se a idade é superior a 75 anos, o mínimo se aumentará adicionalmente en 1.485 euros anuais.

2. O mínimo por descendentes regulado polo artigo 58 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

a) Nos supostos previstos no apartado 1 do artigo 58 da Lei 35/2006, do 28 de novembro:

- 1.º 2.545 euros anuais polo primeiro descendente.
- 2.º 2.865 euros anuais polo segundo descendente.
- 3.º 4.240 euros anuais polo terceiro descendente.
- 4.º 4.770 euros anuais polo cuarto descendente e seguintes.

b) Cando o descendente sexa menor de tres anos, o mínimo a que se refire o apartado a) anterior aumentarase en 2.970 euros anuais.

3. O mínimo por ascendentes regulado no artigo 59 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

a) No suposto previsto no apartado 1 do artigo 59 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, 1.220 euros anuais.

b) Cando o ascendente sexa maior de 75 anos, o mínimo a que se refire o apartado a) anterior aumentarse en 1.485 euros anuais.

4. O mínimo por discapacidade regulado no artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

a) Nos supostos previstos no apartado 1 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro:

1.º 3.180 euros anuais cando o contribuínte sexa unha persoa con discapacidade e de 9.540 euros anuais cando o contribuínte acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.





2.º No suposto previsto no parágrafo segundo do apartado 1 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, os mínimos regulados neste apartado se aumentará en 3.180 euros anuais.
b) Nos supostos previstos no apartado 2 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro:
1.º 3.180 euros anuais por cada unha dos ascendentes ou descendentes con discapacidade.
2.º 9.540 euros anuais por cada unha das persoas ascendentes ou descendentes cando acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.
3.º No suposto previsto no parágrafo segundo do apartado 2 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, os mínimos regulados neste apartado se aumentará en 3.180 euros anuais».”

Emenda nº3, de Supresión. Artigo 6

Suprimir o artigo 6.

Emenda nº4, de Adición. Artigo 6 bis)

Engadir un novo artigo 6 bis) co seguinte texto:

“Artigo 6 bis) Imposto sobre o Patrimonio

O artigo 13 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:

Artigo 13. Mínimo exento

O mínimo exento no imposto sobre o patrimonio establécese en 300.000 euros.

O artigo 13 bis do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:

Artigo 13 bis. Cota íntegra

A base liquidábel do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:





BASE LIQUIDÁBEL ATÉ EUROS	COTA ÍNTEGRA EUROS	RESTO BASE LIQUIDÁBEL ATÉ EUROS	TIPO APLICÁBEL PORCENTAXE
-	-	167.129,45	0,3
167.129,45	501,39	167.123,43	0,6
334.252,88	1.504,13	334.246,87	1,0
668.499,75	4.846,60	668.499,74	1,8
1.336.999,50	16.879,59	1.336.999,50	2,6
2.673.999,01	51.641,58	2.673.999,02	3,4
5.347.998,03	142.557,55	5.347.998,03	4,2
10.695.996,07	367.173,46	En diante	5,0

Emenda nº5, de Supresión. Artigo 7

Suprimir o artigo 7.

Emenda nº6, ao apartado 2.Tres, de Substitución. Artigo 8

Substituír o subapartado Tres do apartado 2 do artigo 8 polo seguinte texto:

“Tres. Modifícase o apartado g) do número 2 do artigo 40, que queda redactado como segue:

«g) Nas concesións ou autorizacións de dominio público portuario outorgadas a outras administracións ou a entidades náuticas ou culturais sen ánimo de lucro para actividades de ensinanza da náutica deportiva ou de conservación ou recuperación de embarcacións tradicionais terá unha bonificación do 100% no que se refire exclusivamente a estas actividades, sempre que non sexan obxecto de explotación económica.

Para aquelas concesións ou autorizacións nas que se realice a construción de embarcacións empregando os métodos construtivos establecidos no Decreto 52/2019, polo que se declaran Ben de interese Cultural as técnicas da carpintaría de ribeira—, ou se realicen labores de reparación e conservación destas embarcacións ou daquelas inscritas no censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza, será





de aplicación unha bonificación do 90% os terreos, lámina de auga, obras e instalación. Para poder aplicar a bonificación será necesario que a persoa titular da concesión ou autorización achegue acreditación emitida polo órgano de xestión, definido no punto 1 do ANEXO II do Decreto 52/2019, que na instalación se realizan maioritariamente os procesos construtivos declarados B.I.C. polo dito Decreto e contar dentro do seu cadro de persoal un Mestre carpinteiro de ribeira e de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza».”

Emenda nº7, de Adición. Artigo 8 bis)

Engadir un novo artigo 8 bis) polo que se modifica o apartado b) do artigo 6.Dous do decreto legislativo 1/2011 do 28 de xullo co seguinte texto:

“Artigo 8 bis) Imposto sobre Sucesións e Doazóns
A letra b) do número dous do artigo 6 do decreto legislativo 1/2011 do 28 de xullo queda modificado como segue:
b) Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou máis, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 200.000 euros.”

Emenda nº8, de Adición. Artigo 8 ter)

Engadir un novo artigo 8 ter) polo que se crea un novo imposto sobre os grandes establecementos comerciais co seguinte texto:

“Artigo 8 ter) Imposto sobre as grandes superficies comerciais.
Un. Establécese, como tributo propio da Comunidade Autónoma, un imposto sobre as grandes superficies comerciais, entendendo por tais os establecementos individuais que teñan unha superficie de venda igual ou superior a 2.500 m2 dedicados á venda ao por menor, excluídos os establecementos de venda de vehículos a motor, maquinaria industrial, materiais de construción e produtos agrícolas e de xardinaría.

Dous. Este imposto grava a capacidade e incidencia económica e social singulares dos establecementos comerciais que desenvolven a súa actividade en grandes superficies,





atendendo as externalidades sociais, económicas e ambientais que producen.

Tres. O feito impoñíbel vén constituído pola utilización de grandes superficies con finalidade comercial.

Catro. É suxeito pasivo deste imposto a persoa física ou xurídica titular do grande establecemento comercial, estea xa ou non situado nun centro comercial colectivo.

Cinco. A base impoñíbel do imposto constitúe a superficie total do establecemento comercial individual expresada en metros cadrados.

Seis. O tipo de gravame é de 30 euros por metro cadrado.

Sete. Aplicarase unha redución do 50 por 100 da cota tributaria aos grandes establecementos dedicados á venda de mobiliario, artigos de saneamento, artigos de bricolaxe e portas e xanelas.

Oito. Bonificacións. Establécese unha bonificación de ata o 30 por 100 para os grandes establecementos que contén con acceso dun ou máis medios de transporte público. Regulamentariamente desenvolveranse os termos e condicións desta bonificación.

Nove. O período impositivo coincide co ano natural.”

Emenda nº9, de Adición. Artigo 8 quater)

Engadir un novo artigo 8 quater) polo que se crea un novo imposto sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión, co seguinte texto:

“Artigo 8 quater) Imposto sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión

Un. Obxecto do imposto

O imposto medioambiental sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza ten por obxecto gravar a concreta capacidade económica que se manifesta na xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma por estas instalacións eléctricas a través de elementos fixos de alta tensión.

Dous. Feito impoñíbel

1. O dano medioambiental causado pola xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma de Galiza pola realización de actividades de transporte de enerxía eléctrica para o





subministro a través de elementos fixos de alta tensión constitúe o feito imponible do imposto.

2. Entenderase producido o dano medioambiental aínda cando as instalacións para o transporte e subministro de enerxía eléctrica a través de elementos fixos de alta tensión se atopen en desuso ou non entren en funcionamento.

Tres. Obrigados/as tributarios/as

1. Son suxeitos pasivos do imposto, en calidade de contribuíntes, quen realicen as actividades que causan o dano medioambiental ou exploten as instalacións que xeren o feito imponible do imposto.

2. Será responsable solidario do pago do imposto o/a propietario/a das instalacións que xeren o feito imponible cando non coincidan con quen as exploten.

Catro. Base imponible e cota tributaria

1. A base imponible do imposto estará constituída polos quilómetros de tendido eléctrico en redes de capacidade igual ou superior aos 220 kW.

2. A cota tributaria do imposto resulta de aplicar un tipo de gravame en función da lonxitude e a capacidade do tendido eléctrico. Concretamente, os tipos de gravame serán os seguintes:

Base Imponible	Tipo/euros
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 220 kW. e menor de 400 kW	700 €
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 400 kW	1.150 €

3. No caso de que a instalación ou elementos fixos se atopen en desuso, terase en conta a efecto do cálculo da base imponible coma se a capacidade do tendido eléctrico fora de 220 kW."

Cinco. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo."

Emenda nº10, de Adición. Artigo quinquies)

Engadir un novo artigo 8 quinquies) polo que se crea un novo imposto sobre as vivendas baleiras co seguinte texto:





“Artigo 8 quinquies) Imposto sobre as vivendas baleiras

Un. Natureza, obxecto e ámbito territorial de aplicación

1. O imposto sobre as vivendas baleiras é un tributo propio da Xunta de Galiza, de natureza directa, que grava o incumprimento da función social da propiedade das vivendas polo feito de permanecer desocupadas de forma permanente.

2. O imposto sobre as vivendas baleiras é aplicable no ámbito territorial de Galiza.

Dous. Feito imponible

Constitúe o feito imponible do imposto sobre as vivendas baleiras a desocupación permanente dunha vivenda durante máis de dous anos sen causa xustificada, posto que dita desocupación afecta á función social da propiedade da vivenda.

Tres. Definicións

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, enténdese por:

a) Vivenda: a edificación fixa destinada á residencia de persoas físicas ou utilizada con este fin, incluídos os espazos e os servizos comúns do inmovible en que está situada e os anexos que están vinculados a ela, si ten acreditado o cumprimento das condicións de habitabilidade e cumpre a función social de aportar ás persoas que residen nela o espazo, as instalacións e os medios materiais necesarios para satisfacer as súas necesidades persoais ordinarias de habitación.

b) Vivenda baleira: a vivenda desocupada permanentemente, sen causa xustificada, durante máis de dous anos.

Catro. Ocupación da vivenda

Acredítase que unha vivenda está ocupada si o seu propietario dispón dun título, como o de arrendamento ou calquera outro análogo, que habilita a ocupación, e xustifícase documentalmente por calquera medio de proba admisible en dereito.

Cinco. Cómputo do período de dous anos

1. O cómputo do período de dous anos ao que se refire o punto 3 iníciase a partir da data en que a vivenda está a disposición do propietario para ser ocupada ou para ceder o seu uso a un terceiro, e non existe causa algunha que xustifique a súa desocupación. É necesario que durante estes dous anos o suxeito pasivo sexa titular de a vivenda de forma continuada.

2. No caso das vivendas de nova construción, enténdese que existe dispoñibilidade para que a vivenda sexa ocupada a partir de tres meses a contar desde a data do certificado final de obra.

3. É causa de interrupción do cómputo dos dous anos a ocupación da vivenda durante un período de, como mínimo, seis meses continuados.





Seis. Causas xustificadas de desocupación dunha vivenda

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, son causas xustificadas de desocupación dunha vivenda os seguintes supostos:

a) Que a vivenda sexa obxecto dun litixio xudicial pendente de resolución no que ten a ver coa súa propiedade.

b) Que a vivenda se teña que rehabilitar. Neste caso, as obras deben xustificarse cun informe emitido por un técnico con titulación académica e profesional que o habilite como proxectista, director de obra ou director da execución da obra en edificación residencial de vivendas, que debe indicar que as obras son necesarias para que a vivenda poida ter as condicións mínimas de habitabilidade esixidas pola normativa vixente.

Soamente pode alegarse esta causa nun único período impositivo, e pode ampliarse a un segundo exercicio sempre que se acredite que as obras se iniciaron durante o primeiro.

c) Que a vivenda, previamente á aprobación da presente lei, estea hipotecada con cláusulas contractuais que imposibiliten ou fagan inviable destinala a un uso distinto ao que se previu inicialmente, cando se outorgou o financiamento, sempre que o suxeito pasivo e o acredor hipotecario non formen parte do mesmo grupo empresarial.

d) Que a vivenda estea ocupada ilegalmente e o propietario teña documentación acreditada.

e) Que a vivenda forme parte dun edificio adquirido integramente polo suxeito pasivo nos últimos cinco anos, para a súa rehabilitación, e sempre que teña unha antigüidade de máis de corenta e cinco anos e conteña vivendas ocupadas que fagan inviable tecnicamente o inicio das obras de rehabilitación.

Sete. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos do imposto, a título de contribuíntes, as persoas xurídicas propietarias de vivendas baleiras sen causa xustificada durante máis de dous anos.

Tamén son suxeitos pasivos as persoas xurídicas titulares dun dereito de usufruto, dun dereito de superficie ou de calquera outro dereito real que outorgue a facultade de explotación económica da vivenda.

2. Non obstante o establecido polo punto 1, os grupos fiscais ou grupos de sociedades

poden optar por tributar baixo o réxime de consolidación neste imposto. As entidades que integran un grupo de sociedades ou un grupo fiscal e optan por aplicar o réxime de consolidación fiscal non tributan en réxime individual. En tal caso, a condición





de suxeito pasivo recae sobre o grupo fiscal ou o grupo de sociedades. A sociedade dominante ten a representación do grupo e está suxeita ao cumprimento das obrigacións tributarias materiais e formais que deriven do réxime de consolidación fiscal.

3. A opción pola tributación consolidada e as obrigas derivadas desta

tributación regúlanse por vía regulamentaria.

Oito. Exencións

1. Quedan exentos do imposto as entidades do terceiro sector así como as seguintes vivendas:

a) As vivendas protexidas con cualificación oficial vixente.

b) As vivendas situadas en zonas de escasa demanda acreditada.

c) As vivendas postas a disposición de programas sociais de vivenda, acordados coas administracións públicas, para ser destinadas a programas de aluguer social de vivenda.

d) As vivendas destinadas a usos regulados pola lexislación turística ou a outras actividades económicas non residenciais, sempre que os seus titulares poidan acreditar que desenvolveron a actividade dentro dos últimos dous anos, e se teñen satisfeito os tributos correspondentes á actividade desenvolvida e se declararon os ingresos obtidos por esta actividade. No caso de vivendas de uso turístico é necesario, ademais, que estean inscritas no rexistro xestionado polo departamento competente en materia de turismo.

Nove. Base imponible

1. Constitúe a base imponible do imposto sobre as vivendas baleiras o número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto de que é titular o suxeito pasivo na data de devindicación do imposto, reducida en 160 metros cadrados en concepto de mínimo exento.

2. Si se optou pola tributación consolidada, a base imponible está constituída polo número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto das que son titulares as persoas xurídicas integradas en o grupo fiscal ou grupo de sociedades, reducida no número de metros cadrados que resulte de multiplicar o mínimo exento establecido polo apartado 1 polo número de persoas xurídicas titulares de vivendas suxeitas ao imposto integradas no grupo.

Dez. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo.”





Emenda nº11, de Adición. Artigo 8 sexies)

Engadir un novo artigo 8 sexies) no Capítulo II. Tributos propios do Título I. Medidas fiscais co seguinte texto:

“Artigo 8 sexies) Canon eólico.

Os artigos 14, 15 e 16 da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galiza e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, quedan substituídos polos que seguen:

“Artigo 14. Base imponible.

1. Constitúe a base imponible a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes nun parque eólico situado no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza.

2. No caso de parques eólicos que se estendan máis alá do límite territorial da comunidade autónoma, a base imponible estará constituída pola suma das potencias unitarias nominais de unidades de aerogeradores instalados no territorio galego.

3. Para a determinación da base imponible teranse en conta as circunstancias concorrentes na data de devengo. No caso de que o número de aerogeradores varíe ao longo do período impositivo, a base imponible calcularase prorrateando por días o período de explotación de cada aerogerador respecto ao total do número de días do ano natural.

Artigo 15. Tipo de gravame e cota tributaria.

1. A cota tributaria vén determinada pola aplicación á base imponible dos seguintes tipos de gravame anuais:

-En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa inferior a 3 megawatts: 0 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa inferior a 15 megawatts e igual ou superior a 3 megawatts: 2.500,00 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa inferior a 25 megawatts e igual ou superior a 15 megawatts: 5.000,00 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa inferior a 35 megawatts e igual ou superior a 25 megawatts: 7.500,00 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa





inferior ou igual a 50 megawatts e igual ou superior a 35 megawatts: 10.000,00 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa superior a 50 megawatts: 12.500,00 euros por megawatt.

2. Durante o primeiro ano de explotación do parque eólico e durante o último ano os tipos de gravame ratearanse en función do número de días do período impositivo.

3. A modificación dos importes desta tarifa require informe previo do Consello Galego do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Artigo 16. Bonificacións na cota

1. Cando como consecuencia dun proxecto de repotenciamento teña lugar unha redución efectiva das unidades aerogeneradoras, a contía da cota que debe satisfacerse terá unha redución do 15% durante os cinco primeiros anos de funcionamento do parque repotenciado.

2. Esta bonificación terá carácter rogado e para o seu recoñecemento será necesaria a comunicación do proxecto de repotenciación ao órgano competente da Administración da comunidade autónoma e a acreditación efectiva da redución das unidades de aerogeradores.

3. A consellaría competente en materia de enerxía establecerá o procedemento para o recoñecemento da bonificación.”

Emenda nº12, de Adición. Artigo 8 septies)

Engadir un novo artigo 8 septies) polo que se modifica o imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga ancorada co seguinte texto:

“Artigo 8 septies) Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga ancorada.

O punto 1 do artigo 11 da Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga ancorada, queda substituído polo que segue:

1. A cota tributaria do imposto determinarase por aplicación do tipo de gravame trimestral, 2.400 € por hm³, à base imponiblel.”



Emenda nº13, de Substitución. Artigo 32

Substituír o texto do artigo 32 polo seguinte:

“A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza, queda modificada como segue:

Un. O número 1 do artigo 21, que queda redactado como segue:

«1. A contía do ingreso mínimo do tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galiza será equivalente ao 100 % do importe mensual do indicador público de renda de efectos múltiples, fixado na lexislación específica que resulta aplicable.»

Dous. O número 2 do artigo 21 queda redactado como segue:

«2. O complemento familiar será de aplicación ás persoas pertencentes á unidade de convivencia que, respecto á persoa titular, manteñan un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente. A contía que se concederá nestes supostos será a seguinte:

- a) Primeiro ou primeira convivinte adicional: o 20 % do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).
- b) Segundo ou segunda convivinte adicional: o 18 % do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).
- c) Terceiro ou terceira e sucesivos ou sucesivas convivintes adicionais: o 16% do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).»

Tres. O número 3 do artigo 21, queda redactado como segue:

«3. En todo caso, a contía do tramo persoal e familiar terá un límite máximo do 130% do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM), salvo que existan menores, suposto no que o límite máximo sería o 150% do dito indicador.»

Emenda nº14, de Modificación. Artigo 35

Modificar a redacción dos apartados Un, Dous, Tres, Catro e Cinco do artigo 35 que quedarían da seguinte forma:

"Un. O número 1 do artigo 22 queda redactado como segue:





«1. A contía do ingreso mínimo do tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galiza será equivalente ao 100% do importe mensual do indicador público de renda de efectos múltiples, fixado na lexislación específica que resulta aplicable.»

Dous. O número 2 do artigo 22 queda redactado como segue:

«2. O complemento familiar será aplicable ás persoas pertencentes á unidade de convivencia que, respecto da persoa titular, manteñan un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente. A contía que se concederá nestes supostos será a seguinte:

a) Primeiro ou primeira convivente adicional: o 20% do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).

b) Segundo ou segunda convivente adicional: o 18% do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).

c) Terceiro ou terceira e sucesivos ou sucesivas conviventes adicionais: o 16% do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).»

Tres. O número 3 do artigo 22 queda redactado como segue:

«3. En todo caso, a contía do tramo persoal e familiar, incluído o complemento de alugueiro, terá un límite máximo do 130% do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM), salvo que existan menores, suposto en que o límite máximo sería o 150% do dito indicador, coa excepción de non computar o complemento de alugamento no suposto previsto no artigo 23.»

Catro. O número 1 do artigo 23 queda redactado como segue:

«1. Cando a persoa beneficiaria e a súa unidade de convivencia residan nunha vivenda independente alugada e con contrato de arrendamento que, no caso de matrimonio ou relación análoga á conxugal, poderá estar a nome de calquera das persoas que a integran, e conste no informe social que o mantemento do contrato de arrendamento da vivenda é necesario para acadar os obxectivos establecidos no proxecto de integración social, concederá un complemento de alugamento cun importe do 16% do IPREM. No caso de unidades de convivencia en que existan un ou máis menores, o importe do complemento será do 18% do IPREM.»

Cinco. O número 5 do artigo 23 queda redactado como segue:

«5. Nos supostos de unidade de convivencia en que existan dúas ou máis persoas membros que non alcancen a maioría de idade, ou ben só un/unha é menor no caso de unidades de convivencia monoparentais, o complemento de alugamento



exceptuarase do cómputo para os efectos de superación do límite máximo do 150% do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM), establecido con carácter xeral neste decreto para cando existan menores na unidade de convivencia.»"

Emenda nº15, de Supresión. Artigo 42

Suprimir o artigo 42.

Emenda nº16, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 43

Substituír o texto do apartado 3 do artigo 43 polo seguinte texto:

“Todo o persoal das fundacións anteriormente referidas terá a consideración de empregado/a público de saúde, tal e como se recolle no artigo 108 da Lei8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galiza e, como normativa supletoria, o Decreto 129/2019, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do Sector Público Autonómico de Galiza.”

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/11/2022 17:14:05



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS
E ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 11/PL-000019).**

Emenda nº1, de Modificación. Artigo 1

Modificación do artigo 1, que quedará redactado co seguinte contido:

"Modifícase o artigo 4 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, coa seguinte redacción:

«Artigo 4. Escala autonómica ou complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas

A escala autonómica aplicable a base liquidable xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas será a seguinte:

Base liquidable Ata euros	Cota íntegra Euros	Resto base liquidable Ata euros	Tipo aplicable Porcentaxe
0,00	0,00	12.895,35	9,00 %
12.985,35	1.186,68	8.083,25	11,65 %
21.068,60	2.110,38	6.931,40	14,90 %
28.000,00	3.143,16	7.200,00	16,00 %
35.200,00	4.295,16	12.400,00	18,50 %
47.600,00	6.589,16	12.400,00	21,00 %
60.000,00	9.193,16	20.200,00	23,50 %
80.200,00	13.940,16	19.800,00	24,50 %
100.000,00	18.791,16	En diante	25,00 %

—

Emenda nº2, de Adición. Artigo 4 bis

Modificación do artigo 4 que quedará redactado co seguinte contido.



"Modifícase o artigo 14 . do Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado.

UN . Tipo de gravamen xeral:

Con carácter xeral, nas transmisións de inmobles, así como na constitución e na cesión de dereitos reais que recaigan sobre os mesmos, excepto os dereitos reais de garantía, a cuota tributaria se obtendrá aplicando sobre a base liquidable o tipo de gravamen que resulte da seguinte tarifa atendendo o valor íntegro do ben ou dereito, con independencia de que a transmisión, constitución ou cesión obxecto de gravame non se realice sobre a totalidade do mesmo

valor do ben o dereito tipo aplicable entre 0 y 300.000 euros 9 %

300.000 en adelante 10 %"

Emenda nº3, de Modificación. Artigo 6

Débese modificar o artigo 6 que quedará redactado co seguinte contido.

"Modifícase o artigo 13 quater do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, coa seguinte redacción:

«Artigo 13 quater. Bonificación na cota íntegra

Sobre a cota íntegra do imposto non se aplicará bonificación do 25 % nin do 50 % do seu importe»."

Emenda nº4, de Adición. Artigo 6 bis Un

Adición dun artigo 6. bis) Un. que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 6. bis) Un. Modifícase o artigo 13 do Textos Refundido das disposicións Legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que quedará redactado co seguinte contido:

1. "O mínimo exento sobre o patrimonio establécese en





400.000 euros, excluindo da devandita contía a cantidade máxima de ata 400.000 euros correspondente á vivenda habitual."

Emenda nº5, de Adición. Artigo 6 bis Dous

Adición dun novo artigo 6. *bis*) Dous, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 6. *bis*) Dous. Modifícase o artigo 13 bis do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, regulando a seguinte escala de gravame:

Base liquidable Ata euros	Cota euros	Resto base liquidable Ata euros	Tipo aplicable Porcentaxe
		167.129,45	0,24
167.129,45	401,11	167,123,43	0,36
334.252,88	1.002,76	334.246,87	0,61
668.499,75	3.041,66	668.499,76	1,09
1.336.999,51	10.328,31	1.336.999,50	1,57
2.673.999,01	31.319,20	2.673.999,02	2,06
5.347.998,03	86.403,58	5.347998,03	2,54
10.695.996,06	222.242,73	En adiante	3.03



Emenda nº6, de Adición. Artigo 6 bis Ter

Adición dun novo artigo 6. *ter*), que quedará redactado co seguinte texto:

"Artigo 2. *ter*) Modifícase o artigo 11 da Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, que quedará redactado do seguinte xeito:

1. A cota tributaria do imposto determinarase por aplicación do tipo de gravame trimestral, 1.200 euros por hm³, á base impositiva.
2. De acordo co establecido no artigo 4 desta lei, o aumento da recadación producida queda afecto á conservación, reparación e restauración medio ambiental e en especial á cuestión relativa a eliminación de residuos.
3. O aumento producido neste imposto non poderá ser trasladado ás persoas consumidoras."

Emenda nº7, de Supresión. Artigo 7

Supresión do artigo 7.

Emenda nº8, ao apartado Dous.2, de Modificación. Artigo 9

Modifícase o apartado Dous do número 2 do artigo 9, da seguinte maneira:

Onde di: "...e o subgrupo C1 e un mes para o subgrupo C2 e a agrupación profesional...".

Debe dicir:"..." de un mes para os corpos, escalas ou especialidades do grupo C e da agrupación profesional de persoal funcionario. A non superación do período de proba indicado implicará o cese da persoa nomeada como persoal funcionario interino pero en ningún caso implicará penalización na súa posición nas correspondentes listas de contratación temporal. Unha vez producido o cese por esta causa a persoa volverá ao seu posto na correspondente lista e poderá optar a un novo chamamento. O regulado neste artigo ao respecto do período de proba non será de aplicación para as persoas nomeadas funcionarias interinas que acrediten discapacidade intelectual."



Emenda nº9, ao apartado Dous.4, de Adición. Artigo 9

Engádese no apartado Dous do número 4 do artigo 9, o seguinte contido

Engadir *in fine*: "En todo caso, o incumprimento do prazo previsto no artigo 23.2.a) desta lei dará lugar á esixencia de responsabilidades disciplinarias a persoa que deberá formalizar o cesamento e non o realizase dando lugar ao dereito a indemnización do persoal funcionario interino, tendo dereito a Administración á reclamación das cantidades aboadas a dito persoal interino en concepto de indemnización como consecuencia da actuación negligente da persoa responsable do cesamento ademais da disciplinaria xa indicada."

Emenda nº10, ao apartado Catro.5, de Adición. Artigo 9

Engádese ao final do apartado Catro no número 5 o seguinte contido

Engadir *in fine*: "En todo caso, o incumprimento dos prazos máximos de permanencia no posto do persoal laboral temporal establecidos desta lei dará lugar á esixencia de responsabilidades disciplinarias a persoa que deberá formalizar o cesamento e non o realizase dando lugar ao dereito a indemnización do persoal funcionario interino, tendo dereito a Administración á reclamación das cantidades aboadas a dito persoal interino en concepto de indemnización como consecuencia da actuación negligente da persoa responsable do cesamento ademais da disciplinaria xa indicada."

Emenda nº11, ao apartado Catro.5 bis), de Adición. Artigo 9

Engádese un novo número no apartado catro do artigo 9, que quedará redactado co seguinte contido.

"5 *bis*. O primeiro nomeamento como persoal laboral temporal estará suxeito a un período de proba. O dito período terá unha duración de tres meses para os corpos, escalas ou especialidades do Grupo I; dous meses para o grupo II; e de un mes para os corpos, escalas ou especialidades do grupo III, IV e V. A non superación do período de proba indicado implicará o cese da persoa nomeada como persoal funcionario interino pero en ningún caso implicará penalización na súa posición nas



correspondentes listas de contratación temporal. Unha vez producido o cese por esta causa a persoa volverá ao seu posto na correspondente lista e poderá optar a un novo chamamento. O regulado neste artigo ao respecto do período de proba non será de aplicación para as persoas nomeadas persoal laboral temporal que acrediten discapacidade intelectual."

Emenda nº12, ao apartado Cinco bis), de Adición. Artigo 9

Débese engadir un novo número no artigo 9 que quedará redactado co seguinte contido.

"Cinco *bis*. Modifícase o punto 1 do artigo 80 que queda redactado como segue:

1. Nas convocatorias de probas selectivas para o acceso á función pública, un mínimo dun cincuenta por cento das prazas convocadas reservarase para persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas do subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, inmediatamente inferior que reúna os seguintes requisitos:

- a) Posuír a titulación e os demais requisitos exixidos.
- b) Ter prestado servizos efectivos na condición de persoal funcionario durante polo menos dous anos no subgrupo ou grupo de clasificación profesional desde o que se pretenda promocionar.
- c) Non superar a idade de xubilación forzosa.

As prazas reservadas para a promoción interna que non se cubran por este procedemento acumularanse ás de provisión libre, sempre que se trate dun proceso selectivo único rexido por unha mesma convocatoria."

Emenda nº13, ao apartado Cinco ter), de Adición. Artigo 9

Débese engadir un número novo no artigo 9 que quedará redactado co seguinte contido.

"Cinco *ter*. Modifícase o punto 2 do artigo 80 que queda redactado como segue:

2. Así mesmo, o persoal funcionario dos corpos e escalas do subgrupo de clasificación profesional C1 poderán participar nos procesos de promoción interna para o acceso aos corpos e escalas do grupo A sen necesidade de pasar polo subgrupo A2 de acordo coa regulación establecida no artigo 18 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público,





aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, en relación coa promoción interna."

Emenda nº14, ao apartado Cinco quater), de Adición. Artigo 9

Débese engadir un número novo no artigo 9 que quedará redactado co seguinte contido.

"Cinco *quater*. Modifícase o punto 3 do artigo 80 que queda redactado como segue:

3. Todas as convocatorias dos procesos selectivos eximirán total o parcialmente ao persoal que participe nos mesmos polo sistema de promoción interna vertical de algunha das probas selectivas esixidas ao persoal de novo ingreso e/ou reducir parte do temario. En todo caso, as probas para cubrir as prazas reservadas para a promoción interna vertical respectarán os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como os demais establecidos nos artigos 49 e 55 desta lei, podendo levarse a cabo en convocatorias independentes das de ingreso cando, por conveniencia da planificación xeral dos recursos humanos, así o autorizase o Consello da Xunta de Galicia e o 7 órgano competente da administración pública respectiva. Cando os procesos selectivos a que se refire este artigo comprendan a valoración de méritos das persoas que participen nos mesmos polo sistema de promoción interna preverase unha puntuación específica para quen estea utilizando ou utilizase no últimos cinco anos unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares. Dita puntuación será equivalente a que se obtivera de continuar prestando servizos."

Emenda nº15, ao apartado Cinco quinquies), de Adición. Artigo 9

Débese engadir un novo número no artigo 9 que quedará redactado co seguinte contido.

"Cinco *quinquies*. Engádese un punto 6 ao artigo 80 que queda redactado como segue:

6. O persoal que adquirise a condición de persoal funcionario de carreira ao amparo da disposición transitoria primeira da presente lei e a normativa de desenvolvemento da mesma poderá participar nos concursos ordinarios regulados neste artigo desde o momento da devandita adquisición, sempre que



teña unha antigüidade mínima de dous anos na categoría profesional equivalente ao corpo ou escala na que se realizou a súa funcionarización."

Emenda nº16, ao apartado Cinco sexies), de Adición. Artigo 9

Débase engadir un número novo no artigo 9, que quedará redactado co seguinte contido.

"Cinco sexies. Engadáse un punto 7 que queda redactado como segue:

5 ter. Promoción interna temporal.- Por necesidades do servizo e nos supostos e baixo os requisitos que aos efectos se establezan, poderase ofrecer ao persoal funcionario de carreira o temporal, e con carácter voluntario, de funcións correspondentes a nomeamentos dunha categoría do mesmo nivel de titulación ou de nivel superior, sempre que ostente a titulación correspondente. Estes procedementos serán obxecto de negociación nas mesas correspondentes. Durante o tempo en que realice funcións en promoción interna temporal, o interesado manterase en servizo activo na súa categoría de orixe, e percibirá as retribucións correspondentes ás funcións efectivamente desempeñadas, con excepción dos trienios, que serán os correspondentes ao seu nomeamento orixinal. O exercicio de funcións en promoción interna temporal non suporá a consolidación de ningún dereito de carácter retributivo ou en relación coa obtención de novo nomeamento e terá o mesmo límite temporal de duración que os nomeamentos de persoal funcionario interino de acceso libre e coa mesma obriga de inclusión de ditas prazas na oferta pública de emprego na quenda de promoción interna separada."

Emenda nº17, ao apartado Sete bis), de Adición. Artigo 9

Débase engadir un número novo no artigo 9 que quedará redactado co seguinte contido.

"Sete bis. Modifícase o punto 2 do artigo 90 que queda redactado como segue:

2. O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de dous anos para poder participar nos concursos ordinarios regulados neste artigo. No suposto do persoal funcionario de novo ingreso, é requisito necesario para poder participar nestes concursos, en todo caso, unha



antigüidade mínima de dous anos desde o nomeamento como persoal funcionario de carreira. O persoal que adquiriu a condición de persoal funcionario de carreira ao abeiro da disposición transitoria primeira da presente lei e a normativa de desenvolvemento da mesma, poderá participar nos concursos ordinarios regulados neste artigo desde o momento da adquisición da condición de persoal funcionario de carreira, sempre que tivese unha antigüidade mínima de dous anos na categoría profesional equivalente ao corpo ou escala na que se realizou a súa funcionarización."

Emenda nº18, ao apartado Trece bis), de Adición. Artigo 9

Débase engadir un novo número no artigo 9 que quedará redactado co seguinte contido.

"Trece *bis*. Modifícase o artigo 155 que queda redactado como segue:

Artigo 155. En relación á representación e participación institucional do persoal funcionario empregado público, cómpre remitir ao acordado entre a Dirección Xeral de Función Pública e sindicatos no relativo á nova distribución de ámbitos electorais.

Se establecen CINCO ámbitos electorais por cada unha das provincias da Comunidade autónoma de Galicia agrupando as consellarías do seguinte xeito: 1.-Presidencia da Xunta de Galicia, Vicepresidencia 2ª e consellaría de Presidencia Xustiza e Deportes; Facenda e Administración Pública; Promoción de Emprego e Igualdade. 2.-Vicepresidencia 1ª e Consellaría de Economía Industria e Innovación; Infraestruturas e Mobilidade. 3.-Medio Rural, Medio Ambiente Territorio e Vivenda; Mar 4.-Cultura, Educación, Formación, Profesional e Universidade 5.-Política Social e Xuventude; Sanidade Se establece Un ámbito electoral do persoal que presta servizos nos Servizos centrais de todas as Consellarías, Organismos Autónomos, Axencias, e Casa de Galicia en Madrid con sede en Santiago de Compostela. d) Unha en cada provincia para o persoal docente dos centros educativos públicos non universitarios. e) Unha en cada área de saúde para o persoal ao servizo das institucións sanitarias públicas. f) Unha en cada universidade pública para o persoal funcionario dos corpos docentes universitarios e outra para o persoal funcionario de administración e servizos. g) Unha en cada entidade local. h) Unha en cada provincia para o persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza. 2) Unidades electorais do persoal laboral. a) Un comite de empresa nos servizos centrais da Administración xeral da





Comunidade Autónoma de Galicia. b) Un comite de empresa por consellería en cada provincia para o persoal laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia destinado nela, e sen prexuízo do regulado no artigo correspondente do Estatuto dos Traballadores. 3) Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, previo acordo coas organizacións sindicais lexitimadas nos artigos 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, ou normas que os substitúan, os órganos de goberno das administracións públicas poden modificar ou establecer unidades electorais en razón do número e peculiaridades do seu persoal funcionario 14 e laboral, e adecuar a súa configuración ás estruturas administrativas ou aos ámbitos de negociación constituídos ou que se constitúan."

Emenda nº19, ao apartado Vinte e dous bis), de Adición. Artigo 9

Débese engadir un número novo no artigo 9 que quedará redactado co seguinte contido.

"Vinte e dous *bis*. Modifícase a Disposición transitoria primeira, coa seguinte redacción:

Disposición transitoria primeira. Substituír este procedemento, de promoción interna, por un sistema de provisión de postos, para que a funcionarización do persoal laboral fixo, se poida facer efectiva de xeito análogo ou similar ao que ten recollido o Sergas, no seu acordo marco, que permite facer dito cambio de réxime xurídico mediante un procedemento de integración por decreto."

Emenda nº20, ao apartado Vinte e dous ter), de Adición. Artigo 9

Débese engadir un novo número no artigo 9 que quedará redactado co seguinte contido.

"Vinte e dous *ter*. Engádese unha Disposición transitoria décimo sexta, coa seguinte redacción:

Disposición transitoria décimo sexta. Medidas especiais en materia de listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino durante o ano 2023

Como consecuencia da escaseza de persoal de perfil sanitario agravada pola situación de emerxencia sanitaria no territorio da



Comunidade Autónoma de Galicia derivada da pandemia da covid-19, e para garantir a dispoñibilidade do dito persoal nas listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino, buscarase un acordo coas centrais sindicais que poda dar solucións con garantías de xeito extraordinario ante a situación existente. En particular, no suposto de non existiren aspirantes nas listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais 2 do grupo I, 2 do grupo II e 3 do grupo IV, do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia ou, de ser o caso, para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario de corpos ou escalas equivalentes ás categorías profesionais indicadas, articularase un procedemento pactado cos sindicatos representativos para dar solucións. A negociación e acordo cos sindicatos pode abordar e paliar problemáticas diversas."

Emenda nº21, ao apartado Nove.e), de Supresión. Artigo 21

Débese suprimir no número Nove na letra e) no artigo 92 bis.3, o seguinte contido.
Suprimir no segundo parágrafo: "Coa declaración responsable".

Emenda nº22, ao apartado Dezasete.1, de Supresión. Artigo 21

Débese suprimir no punto 1 do número Dezasete do artigo 21 o seguinte contido.
Suprimir: "Para os efectos desta lei, a realización de negocios xurídicos que teñan como obxecto a cesión ou mantemento do dióxido de carbono, presente ou futuro, almacenado nos montes considerárase como un aproveitamento forestal incluído no número 3 do seu artigo 8, como servizo característico dos montes."

Emenda nº23, ao apartado Dezasete.3, de Modificación. Artigo 21





Débase modificar opunto 3 do número Dezasete do artigo 21, que quedará redactado co seguinte contido:

"3. A realización de negocios xurídicos sobre o carbono almacenado polas comunidades de montes veciñais en man común requirirá a aprobación da asemblea xeral da comunidade co voto favorable da maioría dos presentes que represente ao menos o 50 por 100 do censo de comuneiros en primeira convocatoria e o 30 por 100 en segunda.

Dentro da documentación posta a disposición da asemblea, e para a súa información, debera existir un informe económico que analice as obrigas que o negocio xurídico supón para a comunidade, especialmente as referidas á conservación da masa arborada.

Estes negocios xurídicos deberán incluír estipulacións referidas aos riscos e responsabilidades en caso de incendio forestal ou outra causa de forza maior. Así mesmo, estes negocios xurídicos deberán incluír en todo caso que no caso de transmisión polo cesionario dos seus dereitos, a comunidade de montes terá dereito a percibir a parte do prezo da transmisión que se estableza.

Estes negocios xurídicos deberán formalizarse en escritura pública e deberán ser obxecto de inscrición no Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

O período contractual non poderá ser inferior a 30 anos, agás nos casos de que os anos asociados a quendas de talas de rexeneración asociada á especie principal sexa superior. No caso de presentar varias especies principais aplicaranse os anos de maior quenda."

Emenda nº24, ao apartado Dezasete.5, de Supresión. Artigo 21

Débase suprimir o punto 5 do número Dezasete do artigo 21.

Emenda nº25, ao apartado Un.i), de Supresión. Artigo 38

Débase suprimir na letra i) do número Un do artigo 3 a seguinte expresión:

Suprimir: "...cando a vítima se atope nunha situación de vulnerabilidade persoal ou económica ou se lle imponhan condicións gravosas, desproporcionadas ou abusivas."



Emenda nº26, ao apartado Cinco, de Supresión. Artigo 39

Débese suprimir o número Cinco do artigo 39.

Emenda nº27, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 40

Débese suprimir o número Un do artigo 40.

Emenda nº28, de Supresión. Artigo 41

Débese suprimir o artigo 41.

Emenda nº29, de Supresión. Artigo 42

Débese suprimir o artigo 42.

Emenda nº30, ao apartado Tres.1, de Adición. Artigo 44

Débese engadir ao final do punto 1 do número Tres do artigo 44 o seguinte contido.

Engadir *in fine*: "Esta declaración no caso de terse obtido, e non ter o parque eólico un novo punto de conexión, caducará con todos os seus efectos aos 5 anos da entrada en vigor desta lei."

Emenda nº31, ao apartado Tres.3, de Modificación. Artigo 44

Débese modificar no punto 3 do número Tres do artigo 44 o seguinte contido.

Onde di: "Deste modo, no caso de caducidade dos citados permisos, non se procederá á execución das garantías económicas depositadas ante a Administración autonómica, de acordo co establecido no artigo 1.2 do citado..."; debe dicir: "Deste modo, no caso de caducidade dos citados permisos, non se procederá á execución das garantías económicas depositadas ante a Administración autonómica ata un máximo





de cinco anos, de acordo co establecido no artigo 1.2 do citado..."

Emenda nº32, ao apartado Un.2, de Modificación. Artigo 45


Débase modificar na letra e) do punto 2 do número Un do artigo 45 o seguinte contido.

Onde di: "... durante un período de dez anos desde a autorización de explotación, unha porcentaxe do 2,5 % da facturación anual do parque..."; debe dicir: "...durante a vida útil do parque dende a autorización da explotacións, unha porcentaxe que será consensuada coa Fegamp da facturación anual do parque..."

Asinado dixitalmente por:

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/11/2022
16:34:05**





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

